

## **DECLARACIÓN CONXUNTA PARA RESPALDAR UNHA APLICACIÓN PRÁCTICA REFORZADA DO ACORDO UE- MERCOSUR E AS CLÁUSULAS DE SALVAGARDA**

**Documento asinado pola Xunta de Galicia e as organizacións profesionais  
agrarias Asaga e Unións Agrarias**

- **Contexto e obxecto**

O recente acordo de libre comercio acadado entre a Unión Europea e os países que integran o Mercosur está xerando unha **lexítima preocupación no sector agroalimentario**. Pese a ser un dos tratados que máis tempo se leva negociando (máis de 25 anos) e que inclúe máis garantías para o sector, é tamén unha realidade innegable as diferentes manifestacións dos profesionais do agro que se teñen producido nos últimos meses ao longo dos diferentes países membros para mostrar a súa preocupación.

**O acordo invita a facer unha reflexión moito máis profunda do "si" ou "non"; esixe dun debate rigoroso, apoiado en datos** e nunha comprensión realista das limitacións produtivas, agronómicas e económicas da Unión Europea en xeral, así como do contexto galego en particular.

Neste sentido, cómpre lembrar que os produtos considerados sensibles no marco do acordo levan asociadas unhas cotas específicas de importación co fin de protexelos. No caso da carne de vacún, as 99.000 toneladas adicionais incluídas a un arancel reducido equivalen ao 1,5 % da produción total anual da Unión Europea; en carne de porco as 25.000 toneladas permitidas supoñen tan só o 0,1 % desa produción; e no caso da carne de ave, a cota das 180.000 toneladas representa arredor do 1,3 % da produción total da UE.

**O acordo inclúe tamén unha serie de cláusulas de salvagarda para estes produtos sensibles, unhas regras cuxa aplicación práctica e concreción está recollida nun Regulamento específico**, que vén de ser aprobado o 10 de febreiro no Parlamento Europeo.

É importante lembrar tamén que este acordo **dá unha resposta a un feito estrutural: a gandaría europea depende de forma significativa de insumos importados**, en particular de proteínas vexetais. Esta dependencia condiciona a resiliencia das explotacións, incrementa a exposición á volatilidade dos custes e afecta ao equilibrio territorial do modelo produtivo europeo. En concreto, en Galicia esta realidade é especialmente acusada, pois a alimentación de aves e porcino depende ao 91% de importacións; no vacún de leite as importacións superan o 41% da ración e no vacún de carne, o 26%.

Por tanto, a política comercial europea debe ser tamén unha ferramenta para garantir o abastecemento, a estabilidade de prezos e a seguridade alimentaria. Pero esta apertura só pode favorecerse se vai acompañada de controis estritos e de mecanismos de salvagarda eficaces que se poidan activar se se detectan distorsións de mercado que ameacen aos nosos produtores.

Esta declaración conxunta entre a Xunta de Galicia e as organizacións profesionais agrarias Asaga e Unións Agrarias ten por obxecto **presentar un paquete de esixencias e garantías mínimas para a aplicación práctica reforzada do acordo UE-Mercosur**, co fin de que a súa posible entrada en vigor se traduza nunha protección real e efectiva do sector agrogandeiro galego.

A continuación detállanse estas esixencias, que se trasladarán ás instancias comunitarias (Comisión e Parlamento Europeo), ao Goberno de España (en particular ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) e á Representación Permanente de España ante a UE (REPER).

**Esta declaración implica a esixencia do cumprimento estrito das cláusulas de salvagarda e do seu regulamento, a maiores dunha serie de garantías verificables e esixibles** que se concretan neste documento e que teñen por obxectivo unha **actuación rápida e reforzada do acordo** para protexer o sector primario. **Para avalar unha aplicación provisional do acordo é imprescindible que se blinde o cumprimento destas esixencias.**

En definitiva, a sustentabilidade económica e social do rural galego non pode quedar supeditada a instrumentos que, aínda existindo formalmente, se poidan chegar a activar tarde.

- **Demandas conxuntas á Unión Europea**

1. Cumprimento das salvagardas reforzadas incluídas no Regulamento que as desenvolve. Cando se detecte un incumprimento nos obxectivos (aumento do volume das importacións nun 5% ou caída do prezo nun 5%) débese iniciar unha investigación de xeito urxente.
2. Prazos duros para actuar e cronograma público. Esiximos que se cumpra, no caso dos produtos sensibles, o compromiso de activar as medidas cautelares en 21 días, resolver en 4 meses e publicar un cronograma claro de fitos contemplando outras particularidades, como unha vía de urxencia específica no caso de que sexa o estado membro quen alerte.

3. Acreditación de dano territorial: esiximos que a aplicación práctica do acordo recoñeza que o dano poida ser limitado a unha zona xeográfica en concreto, como por exemplo Galicia, sen necesidade de agardar a unha problemática xeral a nivel europeo. Debe existir capacidade real de actuar cando a perturbación afecte de maneira particular a rexións, aínda que o promedio comunitario non reflicta ese deterioro.
  4. Reforzo dos controis e condicionalidade real: solicitamos un plan reforzado e verificable de controis en fronteira e auditorías en orixe, tal e como se comprometeu a Comisión Europea, de forma que só accedan ao mercado europeo os produtos que cumpran a legalidade comunitaria. Se se detectan incumprimentos sistemáticos, estes deben ter consecuencias sobre o disfrute das preferencias arancelarias.
  5. Incorporación de máis indicativos de calidade galegos dentro das DOP e IXP protexidas no acordo, dado que actualmente só están incorporadas a DO Ribeiro e Rías Baixas, pese a ser Galicia a terceira comunidade de España con máis indicativos de calidade.
  6. Incremento do fondo de continxencia para crise, así como unha maior dotación de financiación na nova PAC para paliar os posibles efectos sobre o sector primario europeo.
- **Demandas conxuntas ao Goberno central**
1. Defensa do paquete de garantías presentado por Galicia e contemplado nesta declaración ante as instancias comunitarias.
  2. Elevación urxente á Comisión cando se teña sospeita dalgún incumprimento e interlocución técnica estable coa REPER para dar un retorno periódico a comunidades autónomas e sector.
  3. Creación dunha unidade de seguimento especializada no acordo. Esta unidade deberá encargarse do seguimento das importacións, prezos e canais; establecendo tamén un sistema de alerta temperá cuxos resultados se darán traslado ás diferentes comunidades autónomas e organizacións representativas. Neste sentido, creárase un protocolo/mesa de seguimento entre o Ministerio e as comunidades para garantir unha comunicación transparente e áxil.
  4. Plan de controis de fronteira específico para asegurar que os produtos importados de terceiros países cumpran cos mesmos requisitos que os

producidos en España. Reforzo de controis sanitarios, fitosanitarios e de trazabilidade en fronteira, con transparencia de resultados.

5. Defensa ante a UE da incorporación de máis indicativos de calidade galegos dentro das DOP e IXP protexidas no acordo, dado que actualmente só están incorporadas a DO Ribeiro e Rías Baixas, pese a ser Galicia a terceira comunidade de España con máis indicativos de calidade.

- **Compromisos da Xunta de Galicia e das organizacións Asaga e UUAA**

1. Reforzo da estratexia de promoción interna e identificación dos produtos galegos, de cadea de distribución curta e de proximidade. Levaranse a cabo diversas accións de apoio ao sector produtor, nos principais lineais de distribución e tamén a través do fomento de feiras e actos que impulsen aos produtos galegos, con especial fincapé nos produtos con marca de calidade. Mellora do etiquetado de orixe, xerando así máis transparencia para o consumidor e fomentando a súa sensibilidade cara os produtos propios.
2. Posta en marcha do Observatorio de Prezos de Galicia. O obxectivo é poder contar cun órgano encargado de facer un seguimento continuo dos prezos dos diferentes produtos agroalimentarios, especialmente do leite e da carne, co fin de detectar alteracións destacables.
3. Procedemento de escalado rápido para elevar alertas e solicitudes ao Goberno central cando se superen cotas ou se detecten distorsións. Esta acción debe enmarcarse no protocolo ou mesa de seguimento entre o Ministerio e as comunidades que se debe establecer para garantir unha comunicación transparente e áxil.
4. Complemento dos controis europeos e nacionais cun plan específico sobre os produtos importados, na liña das inspeccións que xa se realizan a día de hoxe de xeito interdepartamental na Xunta de Galicia. Creación dunha comisión entre diferentes departamentos das consellerías de Sanidade, Emprego, Medio Rural e Mar.
5. Estratexia de impulso a exportacións de produtos galegos especialmente orientada aos produtos agroalimentarios da UE con maior proxección en Iberoamérica, poñendo en valor o modelo europeo de seguridade alimentaria, trazabilidade, sustentabilidade e calidade diferenciada.

6. Potenciación da autonomía alimentaria e base territorial. A dependencia da alimentación animal respecto de importacións exteriores incrementa a inestabilidade dos prezos. O acordo abre unha vía de estabilidade neste sentido, que en todo caso se debe complementar con outras medidas para favorecer cadeas de subministro máis constantes que axuden a reducir a volatilidade dos custes de alimentación. Neste contexto, desde Galicia seguiranse impulsando todos aqueles instrumentos que permitan incrementar a superficie agraria útil para que as explotacións galegas gañen base territorial.

*Asinan*

*D. Francisco Bello Bello  
Presidente da Asociación  
Agraria de Galicia*

*D.<sup>a</sup> María José Gómez  
Rodríguez  
Conselleira do Medio Rural  
Xunta de Galicia*

*D. Roberto García  
González  
Secretario xeral  
de Unións Agrarias*